

O libro, a música, as novas tecnoloxías, o teatro e o audiovisual galego estarán presentes na Feira do Libro e do Disco de Durango



23/11/11

As industrias culturais galegas compartirán espazo coas vascas na Feira do Libro e do Disco Vasco que se celebrará do 4 ao 8 de decembro nesta localidade de Durango.

As industrias culturais galegas compartirán espazo coas vascas na Feira do Libro e do Disco Vasco que se celebrará do 4 ao 8 de decembro nesta localidade de Durango.

Culturgal é unha ferramenta vertebradora, que contribúe a xerar ideas, a buscar sinerxías e a transformar en oportunidades de futuro as dificultades do presente. Con esta filosofía, o Culturgal viaxa á Durango Azoka, Feira do Libro e do Disco, respondendo o convite de Gerediaga cunha mostra multisectorial da cultura galega actual. Para facelo, conta co apoio económico ofrecido pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC).

Na presentación da 46 edición da Durango Azoka que tivo lugar hoxe nesta localidade vasca, deuse a coñecer un programa con máis de 200 actividades e con tres espazos novos para o audiovisual, as artes escénicas e as novas tecnoloxías, que compartirán protagonismo co libro e o disco en euskera.

Como recordou Roberto Fernández, representante de Culturgal na rolda de prensa, “a nosa actividade principal, a Feira das Industrias Culturais de Galicia, inspírase en gran medida en iniciativas tan singulares como a Feira do Libro e do Disco Vasco, unha cita de referencia que admiramos polo seu éxito de público e pola súa perseveranza no tempo con máis de 40 anos de historia”.

“Euskadi e Galicia teñen tamén históricos puntos de conexión e quixemos aproveitar esta oportunidade para profundar neses espazos de encontro, presentándolle ao público de Durango proxectos galegos que colaboran activamente con axentes culturais vascos, tanto desde o punto de vista da creación colectiva como da relación entre empresas”, engadiu.

Enviamos como embaixador da cultura galega a Antón Reixa, que estará no acto inaugural o día 4 de decembro para falar do presente e do futuro das industrias culturais do país. Reixa é un dos personaxes indispensable do ámbito cultural galego, por ser un dos máis polifacéticos e innovadores. Poesía, televisión, cinema, música, non hai nada que se lle resista. Actualmente é presidente da produtora Filmanova.

Como proposta audiovisual infantil, chegará a Durango en caravana Mr Misto co seu espectáculo para nenos A Caixaíña de Mistos, o único cinema do mundo instalado nunha roulotte na que se proxectan películas para público infantil os días 6 e 7 de decembro. Ao redor dela desenvolveranse talleres de animación con plastilina, con base nas historias do heroe Tintimán e que os propios alumnos construírán. O autor das obras de Tintimán é Santiago Jaureguizar, oriúndo de Bilbao, aínda que asentado en Galicia desde hai anos.

A representación do libro estará en mans de Gáliz, unha asociación que naceu no 89 para defender e promover a cultura e a lingua galega a través da literatura infantil e xuvenil. Gáliz e Galtzagorri realizarán unha sesión de animación o día 6, cos escritores galegos Concha Branco, Pere Tobaruela e Leticia Costas, e os escritores vascos Pako Aristi, Castelo Suarez e Felipe Juaristi.

Ademais a Asociación Escritores en Lingua Galega (AELG), cos seus homólogos vascos de EIE, participarán nunha mesa redonda tamén o día 7 de decembro sobre os 28 anos de historia de Galeusca e o seu futuro próximo. Para ampliar o debate sobre literatura, o escritor Darío Xohan Cabana e o euskaldun Pako Aristi, conversarán sobre o oficio de escribir en ambas as linguas, acompañados do escritor galego, residente en Euskadi, Xosé Estévez.

En representación das artes escénicas galegas, importante sector para a defensa e inclusión do galego en todos os ámbitos da cultura, acudirá Artur Trillo, director, actor e produtor da compañía Talía Teatro, que debaterá xunto a un creador vasco sobre o teatro e as linguas minorizadas o día 7.

Como outro exemplo de integración e traballo en equipo de empresas vascas e galegas e da boa saúde das novas tecnoloxías, Imaxin e Elhuyar Fundazioa, presentarán tamén o 7, o xogo multimedia ZooLoco ou ZooZorua, pensado para nenos de entre 3 e 6 anos.

O Colectivo Sinsalaudio de Vigo, que integran Chiu Longina e Xullo Gómez, e que centra todos os seus esforzos en revalorizar o son e a súa importancia pedagóxica, traerán a Durango o día 8 de decembro unha presentación sobre os novos sistemas de edición e o futuro do soporte nos tempos dixitais, ademais de presentar o proxecto Memoria Acústica Europea.

E para finalizar, en clausura da feira, e como mostra de música galega e do mundo, Ugia Pedreira, Fred Martins e Mikel Urdangarin presentarán o seu proxecto Acrobatak. Un exercicio de mestizaxe musical, no que o tres compositores comparten o seu amor pola música tradicional, a forza e a sensibilidade.

Ademais no autobús do colectivo Topagunea proxectaranse trailers, curtos e teasers galegos como pequena mostra das propostas audiovisuais do noso país. E o 26 de novembro do Salón do Cómic de Getxo estará David Rubín e Miguelanxo Prado para falar da BD.

Este ano CulturGal presentará máis de 130 propostas culturais e terá 73 entidades expoñendo os seus produtos no Pazo da Cultura de Pontevedra. Ademais realizarase por primeira vez actividades culturais no casco vello da cidade, como forma de trasladar a cultura ao ámbito público. En paralelo a nosa feira tamén se desenvolverá o Foro profesional no que os profesionais das industrias culturais debatirán sobre as novas fontes de financiamento, o papel das novas tecnoloxías e a importancia da cultura para o desenvolvemento dos territorios.